

DISCURSO DO SECRETARIO XERAL DA UMG

Roi García Camba

Camaradas,

Compañeiras e compañeiros do Movemento Xuvenil Nacionalista,
Amigas e amigos:

Achegámonos xa ao remate deste XIII Congreso da Unión da Mocidade Galega e podemos dicir, sen medo a trabucarnos, que nel fixamos un punto de partida firme que nos permitirá afrontar con garantías os retos que se nos presentan á UMG e ao conxunto do Movemento Xuvenil Nacionalista. E é que a UMG demostrou, máis unha vez, ser unha organización madura capaz de analizar e actuar en contextos políticos complexos e de saír deste Congreso cuns obxectivos fixados, unhas liñas de traballo e con ánimos e forzas renovadas.

E facémolo convencidos da necesidade, agora máis que nunca, do noso contributo e impulso nun momento en que as organizacións xuvenís nacionalistas actúan nunha situación obxectivamente complexa.

Por unha banda atopámonos con que se manteñen e acentúan vellas tendencias enquistadas na mocidade galega. Así a desestruturación, a escasa organización e asociacionismo continúan a ser a tónica xeral na Galiza; nada estrano se temos en conta que a criminalización da participación política, o conformismo e o individualismo están na base do mesmo sistema e son as ferramentas empregadas para desmobilizar, deslexitimar e combater aquelas opcións políticas con carácter transformador como é o caso do nacionalismo galego. É tamén verdadeiramente preocupante o proceso desgaleguizador que, a ritmo acelerado está a sufrir a mocidade galega nos últimos anos. A ausencia de política lingüística e o papel españolizador do ensino e dos medios de comunicación son factores que inciden en que unha grande parte das mozas e mozos galegos, sobre todo nas áreas urbanas, sexan alleos ao noso idioma e cultura.

Así mesmo tamén se evidenciou no último período un estancamento das organizacións xuvenís nacionalistas, en especial no papel de Galiza Nova como organización referencial do Movemento Xuvenil Nacionalista. Un funcionamento interno deficiente, unha menor socialización das campañas, a escasa capacidade de incidencia práctica e a desconexión co BNG son síntomas claros de que é preciso un paso adiante, un avance cualitativo que faga de Galiza Nova un referente indiscutíbel para a mocidade galega e unha garantía de futuro e continuidade para o proxecto do nacionalismo galego. Un mellor funcionamento dos organismos; a introdución de máis debate ideolóxico, básico para unha militancia formada e clarificada; maior incidencia práctica das campañas que nos faga sermos percibidos como unha organización útil e a dinamización da actividade nas comarcas e localidades son puntos chave para a reactivación de Galiza Nova.

Por outra parte o nacionalismo galego afronta dous grandes retos que determinan a transcendencia de estarmos á altura neste momento histórico: o acceso do BNG ao goberno na Xunta de Galiza e o debate arredor dun novo marco xurídico-político para

a nosa nación. É necesario volver a incidir sobre a responsabilidade Galiza Nova da acción de goberno, sobre todo no que respeita á Dirección Xeral de Xuventude. Isto non implica de ningún xeito a perda do papel reivindicativo e a non diferenciación entre organización e goberno, mais si unha responsabilización clara de Galiza Nova na definición das políticas de mocidade e na difusión e respaldo das mesmas. Neste sentido xa temos camiño andado, temos definidas as liñas políticas en que fundamentar esa acción de goberno: a dinamización do tecido asociativo, a galeguización da mocidade, o coñecemento do país (xeografía, cultura, historia), impulsar un novo marco normativo a nivel de mocidade...Mais é preciso establecermos os medios organizativos para poder desenvolver eficazmente esta tarefa e avanzarmos día a día en propostas e alternativas concretas.

Porén temos de ter claro que a acción de goberno nun marco autonómico limitado non é, nin moito menos, a fin do noso proxecto político. Por iso temos a necesidade de articular propostas que avancen no camiño da liberación nacional que sempre concebimos como un proceso histórico dialéctico, en que en cada tempo corresponde avanzar en función das condicións materiais concretas. O debate arredor dun novo Estatuto abre a posibilidade dun avance práctico, de melloras concretas na calidade de vida das mozas e mozos galegos ligadas a unha maior capacidade de decidirmos por nós mesmos o noso futuro. Mais este debate significa sobre todo a posibilidade real de evidenciar as contradicións do actual marco político incapaz de solucionar os nosos problemas e de explicar a virtualidade da existencia dun proxecto político nacionalista como resposta á necesidade obxectiva de Galiza de autogobernarse.

Por último cómpre saírmos deste Congreso coa responsabilidade colectiva de implicármonos no traballo nas organizacións estudiantís nacionalistas, sendo para nós un obxectivo principal a constitución da Nova Organización do estudiantado galego. Para isto temos que sermos capaces de garantir a continuidade no traballo que se está a realizar actualmente nos CAF e de impulsar un gran proceso aglutinador no ensino medio como única garantía de continuidade da alternativa estudiantil nacionalista.

Camaradas, amigas e amigos:

Viva a UMG!

Viva a UPG!

Viva Galiza Ceibe e Socialista!